

O tabaco ameaza o noso medio ambiente:

- Unha cabicha contamina con metais pesados ata 50 L. de auga doce.
- Un cigarro emite o mesmo CO₂ cun tren por Km e persoa.
- Compre unha árbore enteira para facer 300 cigarros.



ENVELENA O NOSO PLANETA

#TobaccoExposed

DÍA MUNDIAL SEN TABACO

31 de maio 2022

O vindeiro 31 de maio, como todos os anos, celébrase o Día Mundial sen Tabaco co lema “ENVELENA O NOSO PLANETA. O tabaco unha ameaza para o noso medio ambiente”. A campaña este ano ten como obxectivo sensibilizar á poboación, non só dos riscos para a saúde, senón tamén sobre o impacto ambiental dos produtos do tabaco, dende o seu cultivo ata o seu consumo, sen esquecer os residuos que xera.

Algúns datos a reflexionar neste campo:

- unha cabiça tarda arredor de dez anos en desintegrarse e é capaz de contaminar ata 50L de auga potable, pola enorme cantidade de substancias coma a nicotina, alcatrán, arsénico e chumbo.
- necesítase unha árbore enteira para facer 300 cigarros, favorecendo a deforestación, deteriorando os chans e diminuindo a capacidade das terras para soste o crecemento de calquera outro cultivo.
- un cigarro emite o mesmo CO₂ cun tren por km e persoa. Ademais, o fume de tabaco contén outros gases de efecto invernadoiro que contaminan o aire como metano e óxidos de nitróxeno.
- en relación á fabricación, a industria do tabaco é responsable da emisión de 84 millóns de toneladas anuais de CO₂.

Por todos estes motivos a redución do consumo de tabaco constitúe un resorte fundamental no cumprimento do conxunto dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.